



Guía Docente

Datos Identificativos					2015/16
Asignatura (*)	Energías Renovables		Código	770G01031	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6	
Idioma	Galego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Enxeñaría Industrial				
Coordinación	Santome Couto, Emilio		Correo electrónico	emilio.santome@udc.es	
Profesorado	Santome Couto, Emilio		Correo electrónico	emilio.santome@udc.es	
Web					
Descrición xeral	Cuantificación dos diferentes recursos enerxéticos de natureza renovable, análise dos principios de conversión enerxética, estudo dos dispositivos e instalacións de transformación da enerxía renovable. No caso de contradición coas explicacións noutros idiomas prevalecerá a guía docente en galego.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
-Cuantificar os recursos enerxéticos renovables (fase previa no análise de viabilidade para futuras implantacións de plantas transformadoras de enerxías renovables)		B1 B5	
- Proxectar instalacións fotovoltaicas para entornar a produción de enerxía eléctrica na rede, ase como para ser a fonte de enerxía eléctrica en sistemas illados.	A1 A4 A5	B2	
- Proxectar instalacións para obtención de auga quente sanitaria mediante colectores de placa plana.	A4 A5	B1 B4	
- Saber e entender o comportamento aerodinámico das pas do aeroxerador, coñecer e familiarizarse coas partes constitutivas dun parque eólico.	A5	B3	C3
- Coñece os principios de transformación das enerxías eólica, fotovoltaica e térmica ase como os procedementos para o almacenaxe da enerxía.		B5	C3

Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



<p>Capítulo ? I A RADIACIÓN SOLAR</p>	<p>1.1 Comezo. 1.2 Natureza da radiación solar. 1.3 Movementos Sol-Terra. .- Posición do sol relativa as superficies terrestres 1.4 Estimación das compoñentes da radiación solar. .-Irradiación extraterrestre sobre unha superficie horizontal .-Estimación da irradiación global a partir doutras variables .-Estimación das compoñentes B(0) e D(0) a partir de G(0) .-Estimación da irradiación horaria a partir da diaria 1.5 Radiación sobre superficies orientadas de calquera xeito. .-Irradiancia directa. .-Irradiancia difusa. .-Irradiancia do albedo. .-Irradiación diaria sobre superficies inclinadas, método simplificado 1.6 Efectos do ángulo de incidencia. Sucidade 1.7 Evolución da temperatura ambiente o longo do día. 1.8 Ano metereolóxico típico. 1.9 Sombras e mapas de traxectorias</p>
<p>Enerxía solar Fotovoltaica : Capítulo ? II A CÉLULA SOLAR</p>	<p>2.1 Comezo. 2.2 A célula solar. .-Estrutura das células solares. .-Principios de funcionamento. 2.3 Fotoxeración de corrente. .-Absorción de luz e xeración de portadores .-Colección de corrente. .-Rendemento cuántico. 2.4 Corrente de escuridade. 2.5 Característica I-V de iluminación .-Corrente de cortocircuíto e tensión circuíto aberto. .-Punto de máxima potencia. .-Factor de forma e rendemento de conversión enerxética 2.6 Circuito equivalente dunha célula solar. .-Circuíto equivalente do dispositivo intrínseco, resistencias serie paralelo 2.7 Modificación do comportamento básico. .-Influencia da temperatura. .-Influencia da intensidade de iluminación.</p>
<p>Capítulo ? III O XERADOR FOTOVOLTAICO</p>	<p>3.1 Comezo. 3.2 A característica I-V dun xerador fotovoltaico. 3.3 O módulo fotovoltaico. .-Condições estándares e TONC .-Comportamento en condicións calquera de operación 3.4 Interconexión de módulos fotovoltaicos. .-Perdas por dispersión. .-Problema do punto quente. 3.5 Miscelánea. .-Estrutura soporte, cableaxe, sombras entre filas.</p>



Capítulo ? IV ACUMULADORES DA INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA	<p>4.1 Comezo.</p> <p>4.2 A batería chumbo-ácido.</p> <ul style="list-style-type: none">-Principios de funcionamento.-Constitución.-Proceso de carga.-Proceso de descarga.-Proceso de ciclado.-Efecto da temperatura.-Aleacións nas rexas.-A batería fotovoltaica. <p>4.3 Acondicionamento de potencia</p> <ul style="list-style-type: none">-Díodos de bloqueo-Reguladores de carga-Convertedores DC-DC e DC-AC
Capítulo ? V DIMENSIONADO DA INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA	<p>5.1 Comezo.</p> <p>5.2 O mapa de fiabilidade</p> <p>5.3 Método das isofiables</p> <p>5.4 Método de CENSOLAR.</p> <p>5.5 Dimensionado para alta fiabilidade</p>
Energía solar Térmica : Capítulo - VI TRANSFERENCIA DE CALOR	<p>6.1 Comezo.</p> <p>6.2 Análise de circuítos de calor e terminoloxía.</p> <p>6.3 Condución</p> <p>6.4 Convección.</p> <p>6.5 Transferencia de calor radiactivo.</p> <p>6.6 Propiedades dos materiais transparentes.</p> <p>6.7 Transferencia de calor por transporte de masa.</p> <p>6.8 Transferencia multimodo e análise do circuíto.</p>
Capítulo - VII COLECTOR DE PLACA PLANA	<p>7.1 Cálculo do balance de calor. Observacións xerais.</p> <p>7.2 Quentadores solares de auga descubertos. Análise progresivo</p> <p>7.3 Quentadores de auga mellorados.</p> <p>7.4 Sistemas con almacenamento separado.</p> <p>7.5 Estudo dos elementos constitutivos dun colector.</p> <ul style="list-style-type: none">-Cubertas transparentes-Absorbedor-Illamento posterior-Carcasa



<p>Capítulo - VIII SISTEMA SOLAR TÉRMICO :DIMENSIONADO DUNHA INSTALACIÓN SOLAR TÉRMICA CON C.P.P.</p>	<p>8.2 Sistemas e circuitos das instalacións 8.3 Datos necesarios para o dimensionado dun equipo solar destinado o quecemento de auga. 8.4 Determinación do consumo de A.Q.S. 8.5 Determinación das necesidades de calor. 8.6 Superficie de captadores. 8.7 Zonas climáticas definidas no CTE. 8.8 Posicionamento de captadores. 8.9 Dimensionados de instalacións solares térmicas para piscinas .-Procedemento simplificado para o cálculo de perdas calóricas en piscinas cubertas e descubertas 8.10 Cálculo dos elementos da instalación. .-Acumulador. .-Intercambiador. .-Tubaxe. .-Fluido caloportador. .-Bombas de circulación. .-Vasos de expansión. Purgadores e desaireadores. .-Subconxunto regulación e control. Iluminación. Potencia de apoio 8.11 Potencia de apoio</p>
<p>Energía Eólica : Capítulo ? IX O VENTO, CUANTIFICACIÓN DOS RECURSOS EÓLICOS</p>	<p>9.1 Comezo. 9.2 Circulación xeral atmosférica. .-Circulación a gran escala .-Circulación a pequena escala 9.3 Recursos eólicos dispoñibles. 9.4 Réximes de ventos , variacións cíclicas. 9.5 Variación do vento coa altura .-Capa superficial .-Capa de Ekman 9.6 Turbulencia atmosférica .- Intensidade da turbulencia 9.7 Curvas de persistencia de velocidade do vento. .-Curva de distribución de velocidades. 9.8 A enerxía do vento.</p>
<p>Capítulo ? X ENERXÍA DO VENTO, TURBINAS ATMOSFÉRICAS, FUNDAMENTOS E DESEÑO.</p>	<p>10.1 Comezo. 10.2 Momento lineal e teoría básica. .-Extracción da enerxía. .-Empuxe sobre as turbinas. .-Par .-Máquinas de arrastre. 10.3 Nocións sobre a teoría dos perfís das pas. 10.4 Teoría aerodinámica do elemento de pala, (método de Glauert).</p>



Capítulo ? XI AEROXERADORES: COMPOSICIÓN Y ANÁLISE.	<p>11.1 Comezo.</p> <p>11.2 Composición do sistema eólico.</p> <p>11.3 A turbina.</p> <p>Sistemas aerodinamicos de control de potencia.</p> <p>.-Sistemas pasivos</p> <p>.-Sistemas activos</p> <p>11.4 A torre.</p> <p>11.5 Sistemas de transmisión.</p> <p>11.6 O xerador eléctrico.</p>
SAIDAS DE CAMPO	SAIDAS DE CAMPO
Visita a un parque eólico:	<p>(Proxección na escola dos diferentes planos do parque, esquemas unifilares, etc..)</p> <p>- Percorrido pola subestación: seguimento dos embarrados de alta tensión, T.T, disxuntores, seccionadores, T.I., Transformador</p> <p>- Percorrido polas celas de media tensión.</p> <p>- Visita o centro de control do parque, Análise dos sistemas de monitorización</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais		1	0	1
Sesión maxistral	B3 C3	26	26	52
Solución de problemas	A4 B1	14	11	25
Traballos tutelados	A1 A5 B4 B5	0	10	10
Presentación oral	B3	1	0	1
Proba obxectiva	B2	4	21	25
Proba obxectiva	B2	4	21	25
Saídas de campo	B3	8	1	9
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Na clase de presentación se proxectará, coas explicacións pertinentes, a Guía Docente da asignatura; establecendo o remate unha quenda aclaratoria de dúbidas que poidan xurdir os alumnos no referente a Guía Docente.
Sesión maxistral	Os alumnos poderán dispor con antelación da colección de capítulos que inclúa a lección que o profesor explicará no xeito sesión maxistral. Para unha mellor comprensión das explicacións se engadirán recursos audiovisuais, transparencias u outros medios que a escola habilite
Solución de problemas	Conforme se avance en teoría entregarase a os alumnos problemas que deberán resolver e entregar en prazos fixados polo profesor. Algúns destes problemas faranse na clase. O redor de 14 horas será o tempo destinado para a feitura de problemas.
Traballos tutelados	A cada alumno o profesor asignará un traballo que deberá presentar en soporte papel nun prazo determinado, e defender mediante unha presentación oral, traballo que normalmente consistirá nun mini proxecto de execución individual, instalacións de aproveitamento fotovoltaico, térmico o eólico, temática e características do traballo que fixará persoalmente o profesor.
Presentación oral	Os traballos solicitados o alumno terán que ser defendidos cunha presentación oral. A presentación dos traballos tutelados realizarase individualmente e o alumno dispón de media hora. A defensa farase en audiencia pública para o resto de compañeiros.



Proba obxectiva	Queda a decisión do alumnado particionar o exame final, se optan por facelo acordarase consensuadamente a data e posteriormente publicitarase en moodle, nesa partición do exame FINAL entrarán os capítulos do tema I a tema VIII, no exame haberá preguntas de teoría e problemas cunha duración máxima de 4 horas.
Proba obxectiva	Farase a segunda parte do exame final nas datas aprobadas na xunta de escola para a convocatoria de xaneiro no que entrarán os restantes temas da asignatura que se chegaran a dar nas sesións de clase, a estrutura do exame será semellante a proba mencionada con anterioridade. Os contidos ollados nas saídas de campo avaliaranse nesta proba obxectiva
Saídas de campo	No caso de facerse saídas de campo, con anterioridade da realización da saída de campo, na aula explicarase a información subministrada referente a visita para que no percorrido das instalacións o alumno teña os mínimos coñecementos que lle permitan un óptimo aproveitamento. O alumnado deberá ter ollada a documentación da visita, información que poderá dispor o habilitárselle unha páxina na web da UDC dende onde poderá descargar a documentación pertinente.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados Solución de problemas	<p>Para resolución de problemas:</p> <p>Durante todo período de clases, o profesor conta cunhas horas de titoría nas que se resolven cuestións dos alumnos de forma personalizada.</p> <p>Para os traballos tutelados:</p> <p>O profesor ofertará diferentes traballos (miniproxectos). o alumno porá propor un determinado proxecto o profesor, quedando baixo o criterio do profesor a aceptación da súa proposta.</p> <p>Os alumnos resolveran a realización do traballo de xeito autónomo. No obstante, o profesor está a disposición do alumno para resolver as dubidas que podan xurdir durante a realización do traballo e orientar o alumno na realización do mesmo.</p> <p>O alumno tamén poderá propor un determinado miniproxecto ó profesor, quedando no criterio do profesor a aceptación da súa proposta.</p> <p>Unha vez rematado o prazo de entrega do traballo o profesor asignara unhas determinadas horas para a defensa do proxecto, mediante unha presentación oral, rematada a exposición o alumno responderá a unha quenda de preguntas que o profesor estime facerlle sobre o traballo realizado.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	B3	<p>A asistencia as saídas de campo e obrigatoria e aporta un 5% do computo da avaliación.</p> <p>As saídas de campo avaliaranse cun cuestionario que se entregara cos exames das convocatorias ordinaria e 2ª oportunidade, normalmente farase coa parte de teoría de ditas probas obxetivas, aportando un 5%</p>	5
Presentación oral	B3	Coa presentación e defensa do traballo o profesor esta en disposición de calificar o traballo, podendo acadar o alumno un máximo do 15% do total	15



Proba obxectiva	B2	Exame final 2ª parte Realizarase un segundo exame nas datas aprobadas pola escola, dita proba estará dividida en dúas partes: unha na que se desenrolarán preguntas de teoría que inclúen os restantes capítulos do temario (temas do IX o XIX), e outra parte despois dun descanso na que o alumno deberá vir con calculadora, unha regra e bolígrafo, faráselle entrega dos enunciados de problemas. A distribución dos pesos de cualificación das diferentes partes da proba obxectiva farase en función do grado de dificultade das dúas partes. O profesor notificará dito criterio no momento de principiar a proba obxectiva.	35
Proba obxectiva	B2	Exame final 1ª parte (proba pactada co alumnado o principiar as clases) Realizarase un exame dividido en dúas partes, nunha primeira se desenrolarán preguntas de teoría e nunha segunda parte faranse un ou dous problemas, segundo criterio do profesor. Os temas que abrangue esta primeira proba obxectiva van dende o primeiro (radiación solar) continuando cos temas de solar fotovoltaica (temas II,III,IV,V) ase como a parte de solar térmica (temas VI,VII,VIII). A distribución na cualificación dos diferentes pesos correspondentes a cada unha das partes da proba, está suxeito o criterio do profesor, que os distribuirá tendo en conta os grados de dificultade. Dito criterio notificarase no momento de principiar a proba obxectiva.	35
Sesión maxistral	B3 C3	A presenza e participación nas clases aportará un máximo de 5 sobre 100 co 100 % da asistencia. A relación asistencia puntuación non será lineal, asistencia inferior o 50% non puntuará. Esta puntuación engadirase a nota se o alumno supera o 40% dos pesos das probas obxectivas.	5
Solución de problemas	A4 B1	O alumno entregará nos prazos estipulados polo profesor cada un dos problemas da colección que se lle requira. A escolma de problemas que se lle facilitará colgará da paxina web da UDC Quedando a liberdade do profesor a petición individual de defensa das resolución dos problemas, ase como a entrega dos mesmos o alumno xa corrixidos. Podendo acadar como máximo 5 puntos sobre os 100 de cualificación final máxima da asignatura .	5
Outros			

Observacións avaliación

As probas obxectivas son liberatorias o acadar unha cualificación igual o superior o 50% da cualificación máxima do exame.

As probas obxectivas Son compensatorias acadar unha cualificación maiores o iguais o 35 % da cualificación máxima do exame. No caso de organizarse e obrigatorio a asistencia as visitas .

As partes liberadas terán validez para as convocatorias dese ano académico.Se a clase optase por un único exame, a estrutura da proba obxectiva sería a mesma: parte teoría e parte problemas sendo o seu peso do 80% A parte porcentual na cualificación das saídas de campo e dun 10%. se xurdise algún impedimento para facer total o parcialmente as saídas de campo a porcentaxe da cualificación engadiríase equitativamente as dúas probas obxectivas, o a única proba no caso de acordar un único exame.Queda a criterio do mestre a posibilidade de puntuar ata un máximo dun 20% a realización de actividades extracurriculares, propostas na area de enxeñaría eléctrica de tematica vinculante ou afin a materia, ditas actividades consistirían na, asistencia a conferencias, simposios ou xornadas, realización de prácticas de empresa,etc.

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- John Twidell, Tony Weir (1996). Renewable Energy Resources . Cambridge. University Press- J. L. Rodríguez, J. C. Burgos, S Arnalte (2003). Sistemas eólicos de producción de energía eléctrica . Madrid. Rueda- CENSOLAR (1994). Instalaciones de energía solar. Sevilla. Progensa- Eduardo Lorenzo (2014). Ingeniería fotovoltaica (vol-III). Progensa- Pilar Pereda Suquet (2006). Proyecto y Calculo de Instalaciones Solares Térmicas. ea! edicionesde arquitectura- Eduardo Lorenzo (2006). Radiación solar y dispositivos fotovoltaicos (vol-II). Progensa- Celso Penche (1998). Manual de pequeña hidráulica. Celso Penche U.P.M. (DG XVII)- Burton Sharpen Jenkins Bossanyi (2001). Wind energy Handbook. Wiley <p>
</p>
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Colmenar Santos / Calero Pérez / Carta González / Castro Gil (2009). Centrales de energía renovables. Pearson educación- Mario A. Rosato (1991). Diseño de máquinas eólicas de pequeña potencia. PROGENSA- ASIT (2010). Guía ASIT de la energía solar Térmica. Asociación de la industria solar térmica

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Mecánica de Fluídos/770G01016

Sistemas Eléctricos/770G01021

Mantemento Industrial/770G01030

Instalacións Eléctricas e Industriais/770G01032

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

 Deberá ter asimilado os coñecementos impartidos nas seguintes materias:Cálculo Infinitesimal /730G04001, Físical/730G04003, Física II/730G04009, Alxebra Lineal/730G04006, Ecuacións Diferenciais/730G04011, Fundamentos de Electricidade /770G02013

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías